

INFORMACIÓN MUNICIPAL

Estimados veciñ@s:

Por medio da presente quero darlles conta das seguintes subvencións da Xunta de Galicia:

Û **SUBVENCIÓN A FONDO PERDIDO PARA REHABILITACION E RENOVACION DE CALIDADE DE VIVENDAS NO MEDIO RURAL E CONXUNTOS HISTÓRICOS DE GALICIA.**

Subvencións dirixida aos promotores de actuacións de rehabilitación e renovación de calidade en vivendas no medio rural.

Requisitos:

- Que se trate dunha vivenda unifamiliar rural.
- Estar en posesión da resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade.

Documentación a presentar:

- Fotocopia compulsada do DNI ou CIF do solicitante.
- Fotocopia da resolución da concesión da cédula de rehabilitación de calidade.
- Declaración do conxunto de todas as subvencións solicitadas ou concedidas par ao mesmo fin.
- Autorización á consellería de vivenda e solo para solicitar vía telemática as acreditacións relativas a ingresos e débedas ou fotocopia compulsada da declaración do IRPF.
- Fotocopia compulsada do Libro de Familia.
- Acreditación de estar ao día das obrigas tributarias estatais e autonómicas e da seguridade social e non ter pendente ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o 1 de setembro de 2009.